

NORMATIVA DE RÉXIME INTERNO Crd A Coruña
(actualización xuño 2015)

A Condición de alumno/a residente, unha vez concedida a praza mediante convocatoria específica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, acadarase unha vez que se asuman os compromisos específicos recollidos na N.R.I. do Centro. O descoñecemento do seu articulado non exime do seu cumprimento.

LEXISLACIÓN REGULADORA:

Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.

O Decreto 43/1989, do 2 de marzo, crea os Centros Residenciais Docentes e a Orde do 2 de maio do mesmo ano regula o seu funcionamento.

O Real Decreto 732/1995 do 5 de maio (BOE 02/06/1995) establece os dereitos e deberes do alumnado e as normas de convivencia, no que sexa de aplicación.

Lei Orgánica do 10/2002 de Calidade de Educación.

Circular 6/2005 da Dirección Xeral de Centros na que se ditan instrucións sobre conductas contrarias ás normas de convivencia.

Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio que establece os principios e fins da actividade educativa.

Lei 2/2014 do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación.

DECRETO 8/2015 polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

Como norma xeral e para facilitar a convivencia familiar dos residentes, tal como establece a disposición adicional segunda da convocatoria anual de becas, o Centro permanecerá pechado as fins de semana desde venres pola tarde ata domingo pola tarde, no horario establecido ó inicio de cada curso académico segundo necesidades específicas.

O curso académico estará determinado no seu inicio e finalización polo calendario de ensinanzas medias que a Consellería de Educación determine a tal fin. Pódese consultar no enlace www.edu.xunta.es/calendario.

A solicitude e incorporación de alumnado universitario estará suxeita, en todo caso, os termos que especifique a convocatoria anual de becas de prazas no CRD.

Calquera outra especificación poderá consultarse no enlace www.edu.xunta.es/lexislación.

***O FUNCIONAMENTO DO CENTRO RESIDENCIAL DA CORUÑA
REXERASE POLA PRESENTE NORMATIVA DE RÉXIME INTERNO:***

1.- DEREITOS BÁSICOS DOS ALUMNOS/AS RESIDENTES:

TODO OS RESIDENTES TEÑEN OS MESMOS DEREITOS E DEBERES.

TODOS/AS EXERCERÁN OS SEUS DEREITOS SEN PREXUIZO DO CUMPRIMENTO DOS SEUS DEBERES E RESPECTANDO OS DEREITOS DOS DEMÁIS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

- 1.1. Dereito a recibir unha formación integral que asegure o pleno desenvolvemento da súa personalidade.
- 1.2. Dereito a que se respecte a súa liberdade de conciencia e as súas conviccións relixiosas e morais e a intimidade das mesmas.
- 1.3. Dereito a que se respecte a súa integridade e dignidade persoal.
- 1.4. Dereito a recibir orientación persoal, escolar e profesional para conseguir o máximo desenvolvemento persoal, social e profesional, segundo as súas capacidades, aspiracións e intereses.
- 1.5. Dereito a non ser discriminados por razón de sexo, nacemento, raza, capacidade económica, nivel social, ideoloxía política moral ou relixiosa, por discapacidade física sensorial ou psíquica ou por calquera outra circunstancia social ou persoal.
- 1.6. Dereito á preparación para participar activamente na vida social e cultural.
- 1.7. Dereito a que a súa actividade, tanto académica como residencial, se desenvolva nunhas condicións de seguridade e hixiene.
- 1.8. Dereito ó desenvolvemento da afectividade, da autonomía persoal e da capacidade de relación cos demais e co medio.
- 1.9. Dereito a participar no funcionamento, organización e xestión do Centro a través dos seus representantes nos órganos residenciais, así como individualmente.
- 1.10. Dereito a formular, coa debida corrección, diante do persoal do Centro ou calquera órgano unipersoal ou colexiado cantas iniciativas, suxestións e reclamacións considere oportunas.
- 1.11. Dereito a utilizar o material e as instalacións do Centro nas distintas actividades e fins ós que están dedicadas.
- 1.12. Dereito a manifestar, coa debida corrección e respecto, a súa discrepancia con relación ás decisións educativas que lle poidan afectar, así como iniciativas e suxestións para o bo funcionamento. Se a discrepancia ten carácter colectivo, deberá ser canalizada a través do seu representante.
- 1.13. Dereito de reunión previa solicitude acompañada da relación de puntos a tratar. A Dirección poderá, segundo os temas a tratar, ordenar a presenza dalgún órgano unipersoal.
- 1.14. Dereito á reserva e intimidade sobre a información da que o Centro dispón sobre o alumno referida ás circunstancias persoais e familiares coa excepción dos indicios de malos tratos ou abandono de deberes coa protección ós menores.
- 1.15. Dereito á información necesaria para o exercicio dos seus dereitos e deberes, coñecemento das normas de funcionamento e convivencia do Centro.

2.- DEBERES DOS ALUMNOS/AS RESIDENTES:

- 2.1. Residir no Centro Residencial unha vez formalizada a súa matrícula.

- 2.2. Comunicar calquera ausencia do Centro.
- 2.3. Coñecer e cumprir a Normativa de Réxime interno do C.R.D. , así como acatar as decisións dos órganos unipersoais do Centro.
- 2.4. Asistir diariamente ás clases con puntualidade sen ausencias inxustificadas e respectando os horarios de entrada e saída.
- 2.5. Respectar os horarios aprobados para o desenvolvemento das actividades do Centro.
- 2.6. Seguir as orientacións do persoal docente no que se refire a súa formación e aprendizaxe mostrando o debido respecto e consideración.
- 2.7. Informar ó Centro residencial da marcha dos seus estudos e facilitar, sempre que se lle pida, o resultado das diferentes avaliacións, así como a relación de faltas de asistencia a clase.
- 2.8. Respectar o exercicio do dereito ó estudo dos compañeiros/as.
- 2.9. Respectar o exercicio do dereito dos compañeiros/as ás horas de descanso nocturno.
- 2.10. Respectar a liberdade de conciencia, conviccións relixiosas e morais, así como a dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da comunidade educativa.
- 2.11. Non discriminar a ningún membro da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo ou calquera outra circunstancia persoal ou social.
- 2.12. Respectar o carácter propio do Centro.
- 2.13. Respectar e utilizar correctamente os bens mobles e as instalacións do CRD.
- 2.14. Respectar as pertenzas e efectos persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- 2.15. Participar activamente na vida e funcionamento do centro, aceptando, se fose o caso, aqueles encargos ou responsabilidades que se lle asignen.
- 2.16. Respectar a intimidade e privacidade dos pavillóns de diferente sexo.
- 2.17. Non facilitar o acceso ás instalacións do C.R.D. a persoas alleas, sen autorización, nin tampouco acompañar a ninguén que entrara indebidamente.
- 2.18. Colaborar na mellora da convivencia para lograr un clima máis axeitado de estudo e ocio, participando nas actividades e funcionamento do centro.
- 2.19. Evitar calquera tipo de expresións insultantes, ameazadoras e/ou difamatorias contra calquera membro da comunidade educativa.

3.- NORMATIVA CONVIVENCIAL:

En relación ás distintas dependencias do Centro, débense ter en conta, con carácter xeral, as seguintes normas:

- 3.1. De acordo coa normativa vixente, queda terminantemente prohibido fumar en todas as dependencias do Centro.
- 3.2. Está prohibido, sen excepcións, ter e consumir bebidas alcólicas, drogas, e outras sustancias tóxicas prexudiciais para a saúde en todas as dependencias do Centro.
- 3.3. Está prohibido, sen excepcións, o xogo con apostas de cartos en todas as dependencias do Centro, tanto en habitacións como en salas comúns, en calquera horario.

- 3.4. Ningún residente poderá invitar a entrar nos Colexios Residenciais a persoas alleas ó Centro, sen previa e expresa autorización do persoal competente do Centro.
- 3.5. Salvo autorización expresa do persoal responsable, ningún residente poderá modificar, manipular ou cambiar de lugar os diferentes compoñentes da decoración, os elementos dos diferentes servizos ou o mobiliario das dependencias.
- 3.6. O dereito de utilización de instalacións e servizos por parte dos residentes leva consigo a obriga do adecuado uso dos mesmos. Dos deterioros causados polo seu uso negligente serán responsables os causantes.
- 3.7. Para o correcto mantemento das instalacións e para garantir a seguridade, todos/as os/as alumnos/as deberán comunicar ós seus titores/as, directores de Residencia ou Xefatura de Residencia, calquera desperfecto, anomalía ou deficiencia observada no funcionamento do Centro.
- 3.8. Os/as residentes deberán ser especialmente coidadosos/as coa limpeza dos espazos residenciais, para o que deberán facer uso adecuado das papeleiras instaladas por todas as dependencias.
- 3.9. Ningún residente poderá entrar na zona de residencia fóra do horario establecido, se non é por causa debidamente xustificada e previa autorización expresa do persoal responsable. Considérase agravante o facelo por lugares diferentes ás portas ou forzando estas.
- 3.10. Non está permitido ter animais nin plantas nas habitacións.
- 3.11. Os/as residentes deberán contribuír activamente ó aforro enerxético e de auga, apagando as luces cando non sexan necesarias, cerrando fiestras e portas, controlando o consumo de auga etc.
- 3.12. Todo o alumnado debe respectar as normas de seguridade dentro do recinto no que se refire á circulación de vehículos e aparcamento
- 3.13. Os/as residentes deberán cumprir cos horarios establecidos (estudos, comedor, actividades etc) con puntualidade para o bo funcionamento do centro, salvo causa xustificada ou de forza maior. Nese caso comunicarase ó persoal docente responsable.
- 3.14. Será de obrigado cumprimento mostrar a tarxeta identificativa do Centro no caso de que lle sexa requirida por parte de calquera membro do persoal autorizado do centro.

4.- HORARIOS

Os horarios de funcionamento do Centro, así como os que afecten ao alumnado serán aprobados pola Dirección do Centro Residencial Docente ao comezo de cada curso académico, a proposta da Xefatura de Residencias, logo de oídos os equipos colexiais.

5.- DEPENDENCIAS COLEXIAIS:

5.1. HABITACIÓNS:

A habitación é o lugar onde se desenvolve a convivencia básica dos /as residentes. A distribución faina o Director de cada Colexio ó comezo de

cada curso atendendo a criterios de: curso, idade, parentesco etc. Unha vez feita a primeira distribución, haberá un prazo para posibles solicitudes de cambios, antes da que será a distribución definitiva. O persoal educativo poderá, así mesmo, levar a cabo os cambios que estime oportunos por razóns de convivencia, rendemento académico e outros, se é o caso.

Sendo a maioría das habitacións compartidas, deberase ter en conta, dunha forma especial, o respecto ós dereitos dos demais co obxecto de facilitar a convivencia.

- 5.1.1. Cadaquén deberá manter a debida orde nas cousas persoais e respectar as dos demais.
- 5.1.2. Debe coidarse a limpeza das mesmas utilizando debidamente e, con este fin, as papeleiras.
- 5.1.3. O/a alumno/a responsabilizase do seu dormitorio e correrán ó seu cargo e conta os desperfectos orixinados por uso negligente. Non se permitirá sacar mobiliario, vestiario, enseres domésticos ou calquera outro elemento dos seus lugares de orixe sen previa autorización.
- 5.1.4. Na decoración do dormitorio, lugar íntimo e privativo do alumno/a residente, non se permite a pornografía. Ó remate do curso, non poden quedar marcas ou restos indelebles (grapas, manchas, descascados etc) nas paredes, portas, armarios, corchos etc.
- 5.1.5. Polas mañás, cada residente debe deixar ben feita a cama e debidamente recollidas e ordenadas as súas pertenzas para así facilitar o labor do servizo de limpeza e mantemento.
- 5.1.6. Nas habitacións non se poden deixar prendas a secar. Para tal fin existe un servizo de lavandería con secado e planchado.
- 5.1.7. Fóra do horario de actividades, pódese estudar nas habitacións sempre que se respecte o tempo de descanso dos demais.
- 5.1.8. A partir das doce da noite debe gardarse absoluto silencio e permanecer cadaquén na súa habitación salvo coñecemento e autorización expresa do persoal educativo. Durante o día os aparatos de música e os ruídos non deben causar molestia algunha.
- 5.1.9. Non está permitido pasar a noite en habitacións alleas.
- 5.1.10. Todos os residentes, tanto os que teñan clase polas mañás como os de horario nocturno e os universitarios, deben abandonar as súas habitacións no horario establecido na normativa de cada comezo de curso.
- 5.1.11. Ninguén debe permanecer nas habitacións despois do horario estipulado, en caso de enfermidade deberá notificarse para o seu ingreso en enfermaría ou o que o servizo médico estime oportuno.
- 5.1.12. O persoal docente pode acceder ás habitacións e zonas comúns sempre que o considere necesario e , excepcionalmente, outro persoal debidamente autorizado de forma expresa polos responsables do centro.
- 5.1.13. Os/as residentes deben permitir o acceso ás habitacións ó persoal bolseiro nas horas establecidas para que poidan pasar lista nos andares que teñen asignados, así como o cumprimento doutras responsabilidades da súa competencia.
- 5.1.14. Por motivos debidamente xustificados e con carácter excepcional o/a alumno/a residente deberá indicar e/ou mostrar cales son as súas pertenzas ó persoal educativo que llo solicite.
- 5.1.15. Nas habitacións non se poden ter obxectos de valor ou cantidades importantes de cartos. En calquera caso o Centro non asume ningunha

responsabilidade polo non cumprimento desta norma. Así mesmo o Centro non se responsabiliza dos aparellos electrónicos de cadaquén.

- 5.1.16. Non está permitido o uso de electrodomésticos como neveriras, microondas, calefactores, etc.
- 5.1.17. Nos dormitorios está terminantemente prohibido cociñar.
- 5.1.18. Non está permitido, por motivos de seguridade, deixar a chave cruzada por dentro da habitación impedindo o acceso ó persoal autorizado.

5.2. SALAS COMÚNS:

Enténdese por salas comúns as situadas nos baixos de cada pavillón, contiguas á dirección. Son lugares de reunión, utilizadas polo persoal de residencias para postas en común, conversa, reunións, etc. co seu grupo de titoría. Tamén para os grupos de alumnos/as que as soliciten.

- 5.2.1. Deben manterse limpas, utilizando as papeleiras e non tirando cousas ó chan, coidando e respectando a orde establecida do seu mobiliario.
- 5.2.2. O incumprimento da prohibición xeral de fumar, tanto nestas como noutras salas de uso común, considerarase conducta contraria ás normas de convivencia.
- 5.2.3. Estas salas permanecerán abertas durante o horario lectivo e deberase obter un permiso expreso do persoal competente para usalas fóra dese horario.

5.3. SALAS DE TELEVISIÓN:

Estas salas, como o seu nome indica, son para ver a televisión.

- 5.3.1. Nestas salas deberase gardar a orde e compostura necesarias e mantelas limpas utilizando as papeleiras, sen tirar desperdicios ó chan.
- 5.3.2. Para facilitar esta limpeza en todo momento, cada sala dispón dunha vasoira e un recolledor para que os alumnos/as as utilicen, se fose necesario, por propia vontade ou a instancias do persoal educativo.
- 5.3.3. Só se poderá ver a tv no tempo permitido polo horario establecido por cada colexio.
- 5.3.4. Para ver algún programa fóra do horario establecido precisarase da autorización expresa do persoal educativo responsable.
- 5.3.5. Debido a situación destas salas, deberase coidar que o volume do televisor non moleste ós posibles usuarios doutras estancias contiguas e mesmo das habitacións.
- 5.3.6. Como en todas as demais estancias do centro non está permitido fumar.
- 5.3.7. O persoal educativo poderá delimitar a programación de cada sala de televisión para responder ás distintas preferencias do alumnado.

5.4. SALAS WIFFI:

- 5.4.1. Os ordenadores deberán usarse, principalmente, para realizar traballos académicos
- 5.4.2. Non está permitido modificar, eliminar, ou borrar arquivos do sistema nin instalar ou desinstalar programas que cambien a configuración dos ordenadores da sala.
- 5.4.3. Non está permitido entrar nas páxinas que poidan atentar contra o bo gusto, a ética ou moral das persoas.
- 5.4.4. Non está permitido descargar películas nin arquivos que interfiran no bo funcionamento do sistema. Deixar os equipos portátiles nas habitacións descargando películas ou outros arquivos que requiran potencia adicional considerarase contrario ás normas de convivencia.
- 5.4.5. O apagado dos equipos realizarase de forma correcta.
- 5.4.6. Os alumnos/as deberán asegurarse de que os seus sistemas portátiles de información (memorias externas) non conteñan virus que contaminen os equipos.
- 5.4.7. O horario de funcionamento destas salas determinarase segundo as necesidades de cada curso. Fóra deste horario poderá solicitarse o seu uso ao persoal educativo , que valorará a súa conveniencia.
- 5.4.8. Todos/as os que utilicen estas salas, que non sexan alumnos/as residentes, deberán, así mesmo, respectar as mesmas normas de uso e comportamento dentro do horario que teñan establecido.

5.5. BIBLIOTECA:

A Biblioteca do Centro está situada no pavillón 2. Conta con libros de consulta de tódalas especialidades de ciclos para cubrir as necesidades da maioría dos alumnos. Funciona con sistema de préstamo no horario establecido e que se lle facilita ó alumnado no comezo de curso.

5.6. XIMNASIO:

O ximnasio , lugar que serve para levar a cabo as distintas actividades deportivas e de mantemento físico do alumnado, debe manterse limpo e coidado, respectando o material existente. O mal uso deste material dará lugar á reparación do mesmo ou o pago para o seu restablecemento por parte do/s causante/s dos desperfectos.

- 5.6.1. Contará con persoal autorizado para o control e asistencia dos alumnos/as residentes.
- 5.6.2. Respetaranse en todo momento as indicacións dos colaboradores responsables da sala.
- 5.6.3. Fóra das horas de funcionamento establecido, necesitarase para o seu uso un pase especial da Xefatura de Residencias que o autorice.
- 5.6.4. Esta autorización será persoal e intransferible, asumindo o alumno/a a total responsabilidade e non permitindo o acceso a ningunha outra persoa.

- 5.6.5. O Centro non se responsabiliza do uso inadecuado das instalacións que teñan como consecuencia un prexuízo para a saúde ou que por idade teñan restrinxido.
- 5.6.6. Os alumnos/as menores de idade non poderán utilizar pesas por seguridade e prevención de riscos.
- 5.6.7. É de carácter obrigado comunicar á Dirección os desperfectos acaecidos accidental ou intencionadamente co material do ximnasio.

5. 7. CORREDORES, PATIOS E XARDÍNS:

Como o seu nome indica, son lugares de paso. Deberase ter especial coidado en non tirar neles restos de comida, papeis, pipas, etc.

- 5.7.1. Os patios deberán manterse limpos e cun nivel de ruído saudable e de respecto polos demais.
- 5.7.2. Non se deberán tirar obxectos polas fiestras. Existen papeleiras en cada habitación e nas zonas comúns.
- 5.7.3. Non se deberá tender roupa polas fiestras dos cuartos tanto exteriores como patios interiores.
- 5.7.4. Deberá ter especial significación nestes espazos o coidado da limpeza e o respecto a natureza, xa que son a parte máis visible e a carta de presentación do Centro.

5.8. LAVANDERÍA:

Existe unha lavandería xeral a disposición do alumnado con servizo completo de lavado, secado e planchado para todos aqueles/as que o soliciten.

- 5.8.1. O servizo de lavandería funcionará no horario e condicións que se fixen cada curso para a entrega e recollida de roupa, segundo as necesidades específicas do alumnado.
- 5.8.2. Os criterios para o seu uso especificaranse, de forma xeral, cada curso nas direccións dos distintos colexios, onde se solicitará o seu uso.
- 5.8.3. O alumno/a residente marcará toda a roupa que leve á lavandería co número de expediente que se lle asigne.
- 5.8.4. O servizo de lavandería non se responsabiliza da roupa que non estea debidamente marcada, nin de prendas que precisen un tratamento especial, nin dos desperfectos ocasionados accidentalmente, así como tampouco dos obxectos que conteñan as prendas.

5.9. COMEDORES:

- 5.9.1. As quendas e horarios das diferentes comidas serán establecidos ó comezo de cada curso en función do horario de clases dos alumnos/as residentes, do número de usuarios deste servizo, do persoal de cociña e da capacidade do espazo dedicado a tal fin.
- 5.9.2. . Excepcionalmente, aqueles residentes que, debidamente autorizados, non poidan estar no centro nas horas da cea, poderán solicitar, previamente, cear nunha quenda excepcional máis tarde do horario habitual.

5.9.3. En calquera momento, os usuarios do comedor deberán identificarse se lles fose requirido polos encargados/as nese momento, sexan titores/as ou colaboradores/as.

5.9.4. Seguindo as instrucións do persoal de residencia, os/as alumnos/as deberán comer na quenda sinalada, respectando a orde de chegada.

5.9.5. Os/as comensais que non teñen prestacións de comedor por non ser residentes, quedan suxeitos, en todo momento, á normativa específica que para eles/as estableza o centro. En todo caso para poder comer deberán presentar o xustificante de pago que poden solicitar no comedor do Centro antes da apertura do mesmo.

5.9.6. Despois de recoller no autoservicio a bandexa coa comida, buscará un sitio libre para sentarse, gardando a compostura e as normas de urbanidade axeitadas.

5.9.7. Unha vez rematada a comida, depositará a bandexa, de forma correcta, nos carros que se atopan no comedor a tal efecto.

5.9.8. Os/as residentes deberán acudir ó comedor adecuadamente vestidos e aseados, con prendas axeitadas ó lugar onde se atopan (sen a cabeza cuberta por gorras, sombreiros, velos, etc, chanclas, zapatillas, bañadores etc.).

5.9.9. En todo momento, os comensais, residentes ou non, teñen a obriga de seguir as instrucións das persoas encargadas do comedor nese momento.

5.9.10. Non está permitido sacar enxoval fóra do comedor (pratos, vasos, cubertos e outros.)

5.9.11. Non está permitido facilitar o acceso ó comedor a persoas que non sexan residentes ou non teñan pase xustificativo de pago.

5.10. ENFERMARÍA:

O centro conta cunha enfermería equipada cos elementos básicos necesarios, ademais dunhas habitacións habilitadas expresamente para os residentes que o precisen segundo a indicación do médico responsable ou enfermeira/o. Será este persoal o que indique a necesidade ou non de remitilos a un centro hospitalario.

5.10.1. A consulta ordinaria terá lugar na enfermería segundo o horario establecido, que en todo caso permanecerá visible en todos os colexios.

5.10.2. Os casos considerados de urxencia, deberán ser atendidos en todo momento polo servizo médico do Centro.

5.10.3. O médico determinará os casos nos que o enfermo/a deba ingresar na enfermaría así como o tempo de permanencia.

5.10.4. En xeral, todo/a residente que deba permanecer na cama por enfermidade deberá ingresar na enfermaría ou trasladarse, se é o caso, o seu domicilio, segundo prescrición facultativa.

5.10.5. Tamén será o médico quen estableza, en cada caso, a procedencia ou non de recibir visitas, prescribir e comunicar ó servizo correspondente o réxime de comidas de cada enfermo, así como levar o rexistro de ingreso, altas e baixas na enfermería. E así mesmo, notificalo ós colexios correspondentes.

5.10.6. Os alumnos/as ingresados non poderán abandonar a enfermaría , en ningún caso, sen notificalo ó persoal responsable do Centro.

- 5.10.7. Os pais ou responsables do alumno estarán informados da evolución do/a enfermo/a, pero en ningún caso o levarán do centro sen comunicarllo ó persoal responsable.
- 5.10.8. O facultativo deberá reflectir en fichas individuais a atención que dispensa ós alumnos/as residentes.
- 5.10.9. O/a enfermo/a que teña que ser trasladado a algún servizo de urxencias levarase no medio que se considere máis axeitado ó seu estado, pero sempre nun transporte público. Deberá ser acompañado polo médico do Centro ou persoal do servizo médico, de non ser posible, por persoal de residencia ou colaboradores encargados que o persoal designe. O persoal do centro responsable deberá manter contacto telefónico co acompañante para estar informado do estado do/a paciente.
- 5.10.10. Os/as residentes que teñan dereito á asistencia médica pola Seguridade Social ou calquera outro seguro de asistencia sanitaria deberán utilizar os seus servizos cando así o estime oportuno o médico do centro, a quen deberán dar conta dos resultados. Tamén deberá informar ó persoal de residencias correspondente.
- 5.10.11. Coa finalidade de reducir riscos e poder prestar unha atención efectiva, todos os/as residentes deberán aportar, no momento da súa incorporación, un certificado médico coa información relevante sobre lesións e tratamentos crónicos ou permanentes. O Centro non se responsabiliza, en ningún caso, dos problemas derivados do descoñecemento desta información.
- 5.10.12. Cando permanezan na enfermaría, por orde facultativa, deberán seguir as normas básicas de funcionamento:
- a) As comidas serán servidas na enfermaría
 - b) As visitas estarán reguladas polo servizo médico e, no seu defecto, polo equipo educativo.
 - c) Evitaranse ruídos e xogos para favorecer o descanso dos enfermos/as.

5.11. VISITAS:

- 5.11.1. Os alumnos/as residentes poderán recibir visitas no Centro no horario e lugares establecidos e previa comunicación expresa ó persoal educativo.
- 5.11.2. Fóra do horario establecido, só se autorizarán visitas extraordinarias ou debidamente xustificadas, previamente autorizadas polo persoal educativo.
- 5.11.3. Todas as visitas, sen excepción, serán comunicadas polos/as conserxes ou vixiante de servizo de entrada, os cales as acompañarán ás zonas comúns (nunca ás plantas nin ás habitacións), sempre e cando os/as residentes desexen recibilas. Ademais deberán comunicarllo ó persoal educativo.
- 5.11.4. Para que as visitas poidan pasar a outras instalación do Centro, é imprescindible a autorización expresa do persoal educativo.
- 5.11.5. Os familiares e achegados que traen e recollen os/as alumnos/as deberán esperar na entrada ou na sala de visitas. Para acceder a outras estancias comúns deberán pedir autorización ó persoal de residencias.

5.12. SAÍDAS DO CENTRO:

Os alumnos/as residentes poderán saír do Centro previa autorización que deberá axustarse á presente normativa:

- 5.12.1. O horario de saídas será aprobado pola Dirección do Centro Residencial Docente ó comezo do curso, a proposta da Xefatura de Residencias logo de oír os equipos colexiais.
- 5.12.2. Os pais ou titores dos residentes deberán cubrir e firmar as autorizacións que estimen convenientes, de conformidade cos impresos facilitados polo centro ó incorporarse ou cando o estime oportuno a Xefatura de Residencias. En calquera caso as autorizacións nunca excederán os horarios establecidos polo Centro de forma xeral.
- 5.12.3. Para poder saír do Centro, os/as residentes autorizados/as deberán avisar persoalmente ó persoal de residencias e deberán amosar o carné sempre que lle sexa requirido polo persoal autorizado.
- 5.12.4. As saídas programadas polos centros de estudo de cada residente fóra do horario lectivo deberán estar autorizadas expresamente e por escrito polos pais ou titores respectivos e deberán ser comunicadas á Xefatura de residencias.
- 5.12.5. As saídas extraordinarias por tempo limitado e fóra do horario normal, pódense autorizar pola dirección de cada colexio, á vista dos motivos alegados, previa autorización escrita e asinada de pais/nais ou titores legais, se fose o caso.
- 5.12.6. En cumprimento do establecido na Orde que regula o funcionamento dos Centros Residenciais Docentes e para facilitar a convivencia cos seus familiares, os residentes deberán desprazarse ós seus domicilios todas as fins de semana ou cando se xuntan varios días seguidos sen clases. En todos os casos, estes desprazamentos serán por conta dos alumnos/as residentes.
- 5.12.7. Os alumnos/as deberán deixar constancia por escrito do día e hora no que marchan e regresan de fin de semana nas listas elaboradas a tal fin, e que estarán a súa disposición nas direccións dos colexios e titoría de garda. Será de obrigado cumprimento e sancionable a súa omisión.
- 5.12.8. Os desprazamentos dos residentes deberán ser controlados polos Directores de cada Colexio, quen comunicará o número dos mesmos coa suficiente antelación á Xefatura de Residencias e tamén ó responsable do servizo de comedor co fin de fixar o número de comidas a preparar.
- 5.12.9. O equipo colexial comunicará ós pais/nais ou titores dos residentes as saídas efectuadas por cada alumno/a residente, sempre que esta información sexa solicitada polos mesmos.

NOTA INFORMATIVA SAÍDAS

(Entregar debidamente asinada cando se incorpore ó Centro)

Os alumnos/as residentes neste Centro residencial Docente aceptan respectar a normativa residencial, así como os horarios de entrada e saída que figuran a continuación:

MAIORES DE IDADE:

- O horario límite **diario** de acceso ó Centro será ás **12 da noite**.
- Fóra dese horario poderá acceder ó Centro ata ás **04.00 da mañá** previa comunicación ó equipo educativo,

DE 04.00H A 07.00 DA MAÑÁ O CENTRO PERMANECERÁ PECHADO

- Poderá así mesmo **pasar a noite** fóra do Centro, se non se acolle a ningún dos horarios anteriores, previa comunicación.
- En calquera dos casos, fóra do horario habitual das 12 da noite, o alumno/a asume a total responsabilidade do seu comportamento, así como as consecuencias que se deriven de non comunicalo ó persoal educativo correspondente.

MENORES DE IDADE: O horario límite de acceso será ás **12 da noite** en tódolos casos.

Os alumnos/as menores para calquera ausencia programada deberán cumprimentar unha autorización debidamente asinada por eles/as e os seus respectivos pais/nais ou titores legais, especificando a razón ou causa. En caso de situacións urxentes ou imprevistos poderá realizarse mediante chamada telefónica, en espera da xustificación asinada acompañada de fotocopia de DNI.

Para todos os alumnos/as será de uso obrigatorio a presentación da tarxeta da residencia identificativa sempre que lle sexa requerida por calquera persoal autorizado do Centro.

Asdo.: nai/pai/titor (só menores)

Asdo.: alumno/a (en tódolos casos)

Culleredo, a ____ de _____ de 20__

AUTORIZACIÓN AUSENCIA

D./Dña _____ DNI nº _____(1)

Tlno fixo _____ Tfno móvil _____

Como (2) _____ de _____

alumno/a residente no Centro residencial Docente da Coruña durante o curso

20__/__, DNI nº _____ móvil _____

AUTORIZO a que, baixo a miña exclusiva responsabilidade e informado o persoal educativo do C.R.D., o/a mencionado/a residente, poida **AUSENTARSE** do Centro, excepcionalmente, os días _____ por causa xustificada que se especifica _____

_____, a _____ de _____ de 20_____

Asinado:

Pai/nai/titor/a:

alumno/a:

(1) Acompáñase de fotocopia do DNI

(2) Pai/nai/titor legal

AUTORIZACIÓN ACTIVIDADES

D./Dña _____ DNI nº _____(1)

Tlno fixo _____ Tfno móvil _____

Como (2) _____ de _____

alumno/a residente no Centro residencial Docente da Coruña durante o curso

20__/__, DNI nº _____ móvil _____

AUTORIZO a que, baixo a miña exclusiva responsabilidade e co coñecemento do persoal educativo do C.R.D., o/a mencionado/a residente, poida **INCORPORARSE** ó Centro o día/s _____ de _____ a _____ h por causa xustificada que se especifica _____

_____, a _____ de _____ de 20_____

Asinado:

Pai/nai/titor/a:

alumno/a:

(1) Acompáñase de fotocopia do DNI

(2) Pai/nai/titor legal

6.- CONDUCTAS CONTRARIAS A NORMATIVA DE CONVIVENCIA

Os incumprimentos das normas de convivencia valoraranse considerando a situación e as condicións persoais do alumno/a.

As correccións que teñan que aplicarse polos incumprimentos das normas de convivencia deberán ter sempre un carácter educativo e recuperador, garantir o respecto ós dereitos do resto do alumnado e procurar a mellora nas relacións de todos os membros da comunidade educativa.

6.1. GRADACIÓN DE CONDUCTAS:

Conductas contrarias ás normas de convivencia do Centro.

Conductas gravemente prexudiciais para a convivencia do Centro.

6.1.1. Conductas Contrarias ás normas de convivencia do Centro:

- 6.1.1.A. As faltas inxustificadas de puntualidade.
- 6.1.1.B. As faltas inxustificadas de asistencia á clase e actividades regradas, estudos obrigatorios, actividades programadas e outras.
- 6.1.1.C. A negligencia no trato do material, do mobiliario ou instalacións do Centro cando non se deriven danos graves ou de seguridade.
- 6.1.1.D. As faltas ocasionais ás normas de convivencia non consideradas gravemente prexudiciais para a convivencia do Centro por esta NRI.
- 6.1.1.E. O acceso ou saída das distintas dependencias do Centro por lugares distintos das portas de acceso.
- 6.1.1.F. A non entrega das cualificacións académicas ou calquera outro documento solicitado polo Centro e debidamente asinado por quen competa en cada caso.
- 6.1.1.G. A ausencia do Centro sen a perceptiva autorización.
- 6.1.1.H. Facilitar o acceso ó Centro a persoas alleas non autorizadas.
- 6.1.1.I. A entrada, sen autorización, nas plantas femininas por parte dos alumnos e nas masculinas por parte das alumnas.
- 6.1.1.J. Non respectar o dereito ó estudo e descanso dos compañeiros/as
- 6.1.1.K. O incumprimento da hora de chegada ó Centro no horario establecido.
- 6.1.1.L. Desatender ou ignorar as indicacións do persoal de residencias.
- 6.1.1.M. Pasar a noite nunha habitación distinta da propia sen autorización.
- 6.1.1.N. Calquera acto inxustificado que perturbe levemente o normal desenrolo das actividades do C.R.D.
- 6.1.1.O. Calquera incumprimento do apartado 2 no que se refire aos deberes do alumnado residente.

Corrección de condutas contrarias ás normas de convivencia:

- Amoestación privada por parte do titor/a responsable.
- Amoestación privada por parte da dirección do equipo educativo.
- Comunicación verbal ós pais ou tutores legais por parte do equipo educativo.
- Amoestación escrita ós pais ou tutores legais e comunicación a Xefatura de Residencias.

- Petición de desculpas ás persoas afectadas.
- Comparecencia inmediata ante Xefatura ou Dirección de Residencias.
- Realización de traballos específicos en horario non lectivo.
- Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento de actividades do Centro, ou, se procede, dirixidas a reparar o dano causado ás instalacións, ó material do Centro ou ás pertenzas doutros membros da comunidade educativa. Estas tarefas realizaranse sempre en horario non lectivo.
- Limitar o uso de instalacións ou estancias específicas así como servizos do Centro
- Cambio de habitación provisionalmente ou de forma permanente para o resto do curso académico.
- Suspensión do dereito de residir no Centro por un máximo de tres días lectivos.

Aplicación das correccións previstas no punto 5.1.1.(contrarias as normas):

- Os/as titores/as dos alumnos/as:
 - a) amoestacións verbais
 - b) comunicación ós pais ou titores legais
 - c) petición de desculpas
 - d) comparecencia inmediata ante Xefatura ou Dirección
 - e) realización de tarefas ou reparación de danos
- Os/as directores/as de colexio:
 - a) realización de traballos específicos
 - b) cambios de habitación
- O/A Xefe/a de Residencias:
 - a) limitar o uso de instalacións
 - b) suspender dereito de permanencia no centro

6.1.2. Conductas gravemente prexudiciais para a convivencia no Centro:

- 6.1.2.A. Non residir no Centro na súa condición de bolseiro/a ou residente de forma continuada ou por períodos prolongados sen a debida xustificación.
- 6.1.2.B. A reiteración, nun mesmo curso escolar, de conductas contrarias ás normas de convivencia contempladas nesta Normativa.
- 6.1.2.C. Os actos de indisciplina, inxuria ou ofensas graves contra os membros da comunidade educativa, directa ou indirectamente a través de medios informáticos (redes sociais)
- 6.1.2.D. A agresión grave física ou moral contra os demais membros da comunidade educativa ou a discriminación grave por razón de raza, nacemento, sexo, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, así como por minusvalías físicas ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- 6.1.2.E. Posuír instrumentos ou materiais que poidan supoñer un risco ou ameaza para calquera persoa no Centro.

- 6.1.2.F. A suplantación de personalidade en actos da vida residencial e a falsificación e/ou substracción de documentos necesarios para o desenvolvemento da mesma.
- 6.1.2.G. Non informar ó equipo educativo, médico ou a Dirección do Centro, segundo sexa pertinente, de datos relevantes persoais, familiares ou de saúde, que poidan derivar en prexuízo para o Centro ou membros do Centro.
- 6.1.2.H. A distribución e uso indebido de información confidencial produto da participación e colaboración nas actividades do Centro, tanto verbal como virtual a través de redes sociais.
- 6.1.2.I. Os danos graves causados polo uso indebido ou intencionado nos locais, material ou documentos do Centro ou de outros membros da comunidade educativa.
- 6.1.2.J. Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenrolo das actividades do Centro.
- 6.1.2.K. As actuacións prexudiciais para a saúde e/ou a integridade das conviccións persoais dos membros da comunidade educativa, ou a incitación ás mesmas.
- 6.1.2.L. Posuír, consumir ou participar no consumo, activa ou pasivamente, así como, traficar, dentro do Centro, con calquera cantidade de sustancias estupefacientes ou de efectos análogos.
- 6.1.2.M. O incumprimento das sancións impostas.
- 6.1.2.N. As faltas tipificadas como contrarias ás normas de convivencia se concorren as circunstancias de colectividade e/ou publicidade intencionada.
- 6.1.2.O. Ausencia do Centro fóra do horario establecido para tal fin, sen a perceptiva autorización.
- 6.1.2.P. A cohabitación de alumnos e alumnas residentes nas habitacións, zonas de dormitorios e demais instalacións do Centro residencial.
- 6.1.2.Q. Calquera conducta tipificada como falta ou delito no Código Penal.
- 6.1.2.R. O uso indebido de teléfonos móbiles e calquera outro medio de comunicación ou entretemento que atente contra a normal convivencia, a liberdade e/ou integridade de calquera dos membros do Centro.
- 6.1.2.S. Entrar ou permanecer nun dormitorio alleo, sen permiso do/a residente habitual do mesmo.

Correccións das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia:

Non serán susceptibles de corrección as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do Centro sen a previa instrucción dun expediente, que despois da recompilación da información necesaria, acordará a Dirección do Centro, ben por propia iniciativa ou ben a proposta do Consello de Residencias.

Excepcionalmente, si se cumpren os requisitos pertinentes, poderá aplicarse o procedemento conciliado.

- Apercibimento de expulsión do C.R.D.
- Suspensión do dereito a residir no Centro durante un período superior a tres días e inferior a un mes.

- Expulsión definitiva do C.R.D. con perda da condición de residente (sexa becario/a ou non)
- Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenrolo de actividades do centro, ou, se procede, dirixidas a reparar o dano causado ás instalacións, ó material ou ás pertenzas doutros membros da comunidade educativa. Estas tarefas realizaranse fóra do horario lectivo nun prazo máximo dunha semana despois do acontecido, ou de non ser así, cando o persoal educativo o considere axeitado.
- Cambio definitivo de habitación.
- Suspensión do dereito de uso de determinados servizos do Centro por un período superior a cinco días e inferior a dúas semanas.
- Abono do custo económico, se fose o caso, do mobiliario ou material intencionadamente deteriorado, valorado polo servizo de mantemento do Centro. O abono realizárase nun prazo máximo de 15 días a partir da data de comisión do dano. A reparación económica do dano non será eximente do posible expediente disciplinario pola actuación cometida, se é o caso. En tódolos casos os pais ou titores legais serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.

Aplicación das correccións previstas no punto 6.1.2 (gravemente perxudiciais):

- Os/As Directores/as de colexio:
 - a) Realización de tarefas
 - d) Cambio de habitación
- O/A Xefe/a de Residencia:
 - a) Suspensión de uso de servizos do centro
 - b) Reparación económica do dano causado
 - c) Apercibimento de expulsión
- O/A Director/a do Centro:
 - a) Suspensión do dereito a residir no Centro (+de 3, - de 30)
 - b) Expulsión definitiva.

6.2. CONSIDERACIÓNS SOBRE AS CORRECCIÓNS DAS CONDUCTAS

- 6.2.1. A excepción da amoestación privada, todas as sancións se consignarán no expediente persoal do alumno/a residente. As que correspondan a condutas contrarias ás normas de convivencia soamente constarán a efectos de posibles reincidencias. A prescrición das condutas será a seguinte:
- 6.2.2. As condutas contrarias ás normas de convivencia no Centro prescribirán no prazo dun mes contado a partir da data da súa comisión.
- 6.2.3. As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no Centro prescribirán no prazo de catro meses, contados a partir da data da súa comisión.
- 6.2.4. Consideraranse circunstancias paliativas:

- Que sexa a primeira vez)
- O recoñecemento espontáneo da súa conducta incorrecta e a petición de desculpas, se é o caso.
- A falla de intencionalidade ou causa accidental.

6.2.5. Consideraranse circunstancias agravantes:

- A premeditación e a reiteración
- Causar dano, inxuria e/ ou ofensa ós/ás compañeiros/as de menor idade ou recen chegados ó Centro (novatadas)
- Calquera acto que atente contra o dereito á non discriminación por razón de raza, nacemento, sexo, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, así como por minusvalías físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- Estar baixo efectos de sustancias prohibidas, que alteren a capacidade de discernimento ou realización de condutas contrarias ás normas.
- A publicidade, incluída a realizada a través das novas tecnoloxías de información e comunicación.
- A realización de condutas contrarias ás normas de forma colectiva ou en grupo amparándose no anonimato.

7.- PROCEDIMIENTO PARA A TRAMITACIÓN DE EXPEDIENTES DISCIPLINARIOS

Para a corrección das condutas consideradas susceptibles de expulsión, tanto de máis de tres días como definitiva, derivase obrigatoriamente á apertura dun expediente, a non ser que se aplique o procedemento conciliado.

- 7.1. Encargarase da instrución do expediente un membro do persoal educativo designado polo/a Director/a do Centro residencial como xuíz-instructor. O inicio da incoación comunicarase ós pais/titores legais ou responsables do alumno/a residente.
- 7.2. Os alumnos/as residentes e, no seu caso, os pais/nais/titores ou representantes legais poderán recusar ó instructor diante do Director/a do centro cando da súa conducta ou manifestacións se poida inferir falla de obxectividade na instrución do expediente.
- 7.3. A instrución do expediente deberá acordarse polo/a Director/a do centro nun prazo non superior a sete días, desde que se tivo coñecemento dos feitos ou condutas merecedoras de corrección.
- 7.4. Instruído o expediente darase audiencia ó alumno/a. Se é menor de idade, tamén ós pais/nais/titores ou representantes legais do mesmo, comunicándolles, en todo caso, as condutas que se lle imputan e as medidas de corrección que se propoñen. O prazo de instrución de expediente non poderá exceder de sete días.
- 7.5. Excepcionalmente, ó empezar o procedemento ou en calquera momento da súa instrución, o Director/a do Centro, por decisión propia ou a proposta, no seu caso, do instructor, poderá adoptar as medidas provisionais que estime convenientes. As medidas provisionais poderán consistir na suspensión temporal do dereito de residencia no Centro ou ó uso de

determinados servizos do mesmo por un período que non será superior a cinco días. As medidas adoptadas serán comunicadas ó Consello de Residencias.

- 7.6. Para corrixir coa expulsión definitiva do Centro coa correspondente perda da condición de becario/a será perceptiva a audiencia previa do Consello de Residencias.
- 7.7. Comunicarase ó Servizo de Inspección Técnica o inicio do procedemento e manterase informado da tramitación ata a súa resolución.
- 7.8. A resolución do procedemento deberá producirse no prazo máximo dun mes desde a data de iniciación do mesmo e contra a súa resolución poderá interpoñerse recurso ordinario ante o Delegado /a Provincial nos termos previstos nos artigos 114 e seguintes da Lei 30/1992 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

8.- PROCEDEMENTO CONCILIADO:

- 8.1. Poderá utilizarse un procedemento conciliado para a resolución dun conflito de convivencia cando concorran no alumno/a infractor/a as seguintes circunstancias:

- a) Que o/a causante recoñeza a falta e/ou o dano causado
- b) Que se desculpe ante o/a prexudicado/a, se fose o caso.
- c) Que se comprometa a realizar as accións reparadoras que se determinen e que as realice.
- d) Que sexa a primeira falta informada polo equipo educativo.

- 8.2. Deberá quedar constancia na resolución do procedemento a aceptación das referidas condicións, tanto por parte do alumno/a como dos pais ou representantes legais, se é menor de idade, así como tamén a conformidade coa sanción fixada e asumida na conciliación.

- 8.3. SUPOSTOS EXCLUÍDOS:

- a) Que na acción infractora concorran feitos de especial e notoria gravidade.
- b) Que o/a alumno/a, os pais ou representantes legais, se é menor, non acepten o procedemento conciliado.
- c) Que o procedemento conciliado xa se aplicara con anterioridade ó longo dese mesmo curso escolar referido o mesmo/a alumno/a.

8.4. INICIACIÓN DO PROCEDEMENTO:

- 8.4.1. Informarase ó/á alumno/a, ós pais ou representantes legais, se é menor, da posibilidade de aplicación deste procedemento.
- 8.4.2. Si se acepta este procedemento, O Xefe/a de residencias ou a Dirección do Centro nomeará un/a instrutor/a, que será convocado xunto cos interesados

nun prazo máximo de dous días lectivos contados a partir da comisión da falta.

- 8.4.3. Comunicaráselle ó/á alumno/a, ós pais ou representantes legais, se é menor, que están ante un procedemento conciliado ó que se someten voluntariamente e que aceptarán o acordo que do procedemento se derive.
- 8.4.4. Serán informados de que as declaracións realizadas formarán parte do expediente disciplinario correspondente, no suposto de que non se leve a efecto a conciliación.

8.5. DESENVOLVEMENTO DO PROCEDEMENTO:

- 8.5.1. O instructor/a emitirá un informe que describirá os feitos obxecto do procedemento, e informará ó alumno/a, ós pais ou representantes legais, se é menor, dándolles a posibilidade de alegar o que consideren oportuno.
- 8.5.2. Valoradas as declaracións efectuadas, as circunstancias da conducta, as condicións do alumno/a, así como as circunstancias atenuantes ou agravantes, se é o caso, propoñeranse medidas correctoras de acordo co RRI
- 8.5.3. Aceptada polo alumno/a, pais ou representantes legais, se é menor, darase paso a aplicación, consignándose por escrito, finalizando así o procedemento.
- 8.5.4. Se non hai acordo continuarase co expediente disciplinario polo procedemento ordinario
- 8.5.5. O prazo máximo do procedemento conciliado será de 15 días.
- 8.5.6. Excepcionalmente, ó empezar o procedemento ou en calquera momento da súa instrución, o Director/a do Centro, por decisión propia ou a proposta, no seu caso, do instructor, poderá adoptar as medidas provisionais que estime convenientes. As medidas provisionais poderán consistir na suspensión temporal do dereito de residencia no Centro ou ó uso de determinados servizos do mesmo por un período que non será superior a cinco días. As medidas adoptadas serán comunicadas ós pais ou titores legais, se é menor.

9.- DISPOSICIÓNS FINAIS:

- 9.1. En todo o non contemplado na presente NORMATIVA será competencia da Dirección do Centro Residencial Docente resolver, previos os informes e consultas que considere oportunos e precisos.
- 9.2. A Dirección do Centro residencial Docente poderá aprobar, previa audiencia do Consello de Residencias, convocado a tal fin, calquera modificación do presente Proxecto Educativo ou da normativa, feita por propia iniciativa ou a proposta de calquera órgano unipersoal ou colexiado do Centro.

10.- DILIXENCIA DE APROBACIÓN:

A presente Normativa de Réxime Interno do Centro residencial da Coruña foi aprobado pola Directora Dna M. Isabel Pastoriza Facal en uso das atribucións que lle confire a Orde de 2 de maio de 1989 na letra m) do artigo 7º e logo de oír ó Consello de Residencias en xuntanza convocada a tal obxecto con data 15 de abril de 2011 as 13.00h en cumprimento do establecido na letra f) do artigo 13º da citada Orde de 2 de maio de 1989 pola que se regulan os centros residenciais docentes. Este regulamento foi aprobado na mesma data 15 de abril despois de oído o Consello de Residencias.

DILIXENCIA FINAL

Faise constar que nesta redacción da Normativa de Réxime Interno están recollidas as modificacións e adaptacións que se fixeron ata o día de hoxe, de acordo coa normativa e logo de oír ó Consello de Residencias. Tamén nos parece de interese destacar que participaron na modificación e actualización deste Regulamento oito membros dos equipos educativos, nunha comisión creada a tal efecto e co fin de consensuar unha normativa que se adapte á maioría de supostos e circunstancias específicas deste Centro Residencial.

Este REGULAMENTO revisarase periodicamente polo menos cada catro anos, sen menoscabo de que sexa necesario algunha modificación previa a este prazo.

A Coruña, a 15 de abril de 2011

Asdo: M.Isabel Pastoriza Facal

Directora do Centro Residencial Docente da Coruña

ANEXO A NORMATIVA DE RÉXIME INTERNO

Anexo ao Regulamento de Réxime Interno do Centro Residencial Docente da Coruña, aprobado polo Consello de Residencias do devandito Centro, en data 15 de abril de 2011 e presentado á Inspección Educativa.

Faise referencia a este anexo no apartado 5.1.5 (actualmente 6.1.) despois do Procedemento Conciliado: "... ou procedemento de mediación compatible en todo caso coas medidas correctivas pertinentes".

Engádesse este anexo despois do procedemento conciliado como punto 8 (actualmente punto 9) nos termos que se especifican:

9.- PROCEDEMENTO DE MEDIACIÓN:

9.1) Poderá aceptarse ou propoñer o procedemento de mediación, no caso de alteración de convivencia do centro, para a resolución pacífica de conflitos entre dúas ou varias partes e a instancia de calquera membro da comunidade educativa, sempre e cando as partes acepten voluntariamente.

9.2) Cando no conflito para o que se solicita mediación concorran condutas contrarias as normas de convivencia ou gravemente perxudiciais que fagan necesaria a intervención da Xefatura de Residencias, poderá aceptarse á mediación como estratexia reparadora antes ou despois da aplicación da medida correctora.

9.3) Non se poderá aplicar o procedemento de mediación cando o equipo de mediación considere que non se cumpren os requisitos necesarios que contempla o procedemento xeral de mediación.

9.4) DESENVOLVEMENTO DO PROCESO:

- Cando a Xefatura de Residencias acepta ou propón a mediación, interrompirase calquera outro proceso correctivo, a espera da resolución do proceso iniciado

- O cumprimento dos acordos de mediación, dos que a Xefatura estará informada polos mediadores/as, garantizando a confidencialidade, terase en conta como atenuante dunha posible sanción ou dará lugar a finalización de todo o proceso.

- Se o proceso de mediación queda interrompido, finaliza sen acordo ou se incumpren os acordos propostos polas partes, os mediadores/as comunicarán estas circunstancias á Xefatura de Residencias que retomará, de forma automática, o proceso disciplinario sancionador, previsto neste regulamento.

- Para garantir a confidencialidade do proceso, só se rexistrará un extracto do mesmo no libro de mediacións do centro.

Queda aprobado este anexo polo Consello de Residencias do centro, reunido a tal fin o quince de maio de dous mil doce, presidido pola Directora do centro M^a Isabel Pastoriza Facla, e para que conste aos efectos que se estimen oportunos asina o presente en Culleredo,

Culleredo, a 15 de maio de 2012

Asdo: M^a Isabel Pastoriza Facla

Directora do Centro Residencial Docente da Coruña

NOVAS MODIFICACIÓNS

Con motivo de numerosos cambios no funcionamento do Centro, así como da evolución das necesidades do propio alumnado, o amparo das novas lexislacións que se van establecendo, faise necesario actualizar algúns aspectos que xa non responden a realidade actual do centro.

Os cambios efectuados , así coma os apartados que xa se suprimiron por non ter base real para a súa inclusión, foron aprobados pola Dirección deste Centro Residencial Docente da Coruña, oído o Consello de Residencias, reunido a tal efecto, de forma extraordinaria o dezanove de xuño de dous mil quince

Esta Normativa revisarase periódicamente , coa finalidade de mantela actualizada en todo momento axustándose a realidade e lexislación vixente.

Culleredo, a 19 de xuño de 2015

Asdo: M^a Isabel Pastoriza Facal

Directora do Centro Residencial Docente da Coruña